

# CHARO PITA

Obradoiro de narración oral



## Obradoiro de narración oral e lectura de viva voz

### A intención

Como se contar historias fose un oficio semellante ao de costureira ou xastre, podemos facer un conto a medida para contar ou adaptar os que descubrimos en librarías ou bibliotecas, ou aqueles que nos chegan a través da xente do noso arredor. As preguntas clave para este obradoiro serían: De onde tirar o tecido para elaborar un conto? Como deseñalo, cortalo e coselo para podelo ler de viva voz ou para contalo sen libro? Como atopar historias? Como adaptalas á nosa medida? Neste obradoiro afondaremos na técnica de como facer do conto un traxe á medida da persoa que narra, que ferramentas corporais e vocais son precisas, que lugar ocupan o silencio, os oíntes e o propio narrador, no acto de dicir de viva voz e como transformar un relato escrito nunha historia para ser narrada.

## Obxectivos

- Contar o que lemos.
- Sementar a través da exploración persoal a curiosidade cara o narrador que levamos dentro.
- Coñecer historias e libros para contar e ler de viva voz.
- Fomentar a comunicación libre e imaxinativa entre individuos.
- Comprender a cantidade de posibilidades reais e por inventar que ofrece a narración oral.
- Facilitar as pautas necesarias para poder traballar desde a oralidade un conto escrito.
- Incentivar á escoita e á recolleita de contos, adiviñas, cancións e lendas urbanas de tradición oral.
- Valorar a tradición oral como unha forma de transmitir cultura e de coñecer o mundo que nos rodea, así como outras culturas.
- Animar ao uso da narración e da lectura de viva voz na escola.

## Contidos

- Contar o que lemos.
- Diferenzas entre ler, contar e recitar.
- Con que falamos?. Anatomía do noso aparato fonador e respiración
- O corpo cando narramos.
- Como formar un pequeno repertorio.
- Imaxinar historias para contar.
- Diferenza entre lendas e lendas urbanas.
- Manexo de bibliografía

## Metodoloxía

- Dinámica, alegre, participativa.
- Nun principio o traballo desenvolverase en grupo, pero, a medida que avance o obradoiro, haberá momentos para desenvolverlo dun xeito máis individualizado.
- Utilizaranse xogos de desinhibición e lectura en voz alta, traballarase o corpo e a voz así como textos de diferentes características e procedencia.

## Destinatarios e planificación das sesións

O obradoiro admite múltiples formatos e tamén destinatarios

- Pódese concibir para que sexan os propios **escolares** os que aprendan a contar e colaboren, dese xeito, nas tarefas de dinamización da lectura no centro.
- O obradoiro pódese tamén dirixir a **docentes ou responsables de bibliotecas** dos centros de ensino, de bibliotecas públicas ou espazos de lectura, para que poidan tamén transmitir estes coñecementos aos usuarios das mesmas.

**En canto ás posibilidades de planificación, o obradoiro ofrece múltiples fórmulas flexibles e adaptables ás necesidades de cada centro ou biblioteca**

\_Formato intensivo, dunha única xornada de **tres horas**.\*

\_Formato intensivo, dunha única xornada de **seis horas**.\*

\_Formato de **catro sesións** de dúas horas e media cada unha.\*

Mínimo recomentado de participantes: **8-10**

Máximo recomendado: **15**

\* Os contidos variarán en función do volume de horas escollido.



## Necesidades

- A relatora terá acceso á biblioteca do centro para seleccionar algún dos libros para uso dos participantes.
- O obradoiro desenvolverase nun espazo con boa acústica onde poder moverse e onde, ao tempo, os participantes poidan tomar nota.
- Unha pizarra (opcional).
- Os asistentes ao curso deberán levar roupa cómoda.
- Imaxinación.
- Algo de auga para poder dicir.

## Prezos

**Formato intensivo tres horas**  
250 € (IVE 21%, non incluído)\*

**Formato intensivo seis horas**  
360 € (IVE 21%, non incluído)\*

**Formato de catro sesións** 650  
€ (IVE 21% non incluído)\*

\*Custes de desprazamento, non incluídos no prezo.



## CONTACTO E CONTRATACIÓN

SIRGOTORCENDO S.L.

XESTIÓN CULTURAL

**tel. 981935719/ 600406301**

**contacto@sirgotorcendo.com**

**www.sirgotorcendo.com**